



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

MESA DE SAÚDE LABORAL

O día 29 de abril reunímonos a parte social e a Admón. na Comisión Permanente de Saúde Laboral. Como xa repetimos en numerosas ocasións, á AEAT non lle importa a saúde dos seus traballadores, e unha vez máis demostrao enviando para presidir a reunión a un funcionario sen ningún poder para tomar decisións.

Nesta reunión a Axencia entregounos diversa documentación e as estadísticas relativas ao número de accidentes laborais do ano 2007, dos que coma nos anos anteriores, unha porcentaxe altísima corresponde ao colectivo do Servizo de Vixilancia Aduaneira. Fixemos constar na acta e entregamos un escrito coa nosa denuncia do acontecido na base de Marín, na que, en horario nocturno programouse unha saída nunha embarcación rápida (Colimbo III) a funcionarios sen experiencia neste tipo de embarcacións, sen darlles ningún tipo de información sobre os medios de salvamento, contraincendios nin indicación sobre a situación dos chalecos salvavidas, armas, extintores...etc., poñendo en claro perigo a súa vida. Neste sentido, solicitamos a apertura dun expediente ao responsable por non informar desas cuestións básicas á hora de embarcar, pois entendemos que ten que facilitarse se de verdade a Axencia quere acabar cos accidentes laborais no SVA. Reiteramos que debe haber unha Mesa de Saúde Laboral específica para o colectivo do SVA, debido á peculiaridade do seu traballo. Por outro lado, despois de innumerables peticións da CIG a AEAT accedeu a medir as radiacións dos radares instalados nas embarcacións. As previsións son que comezarán, de xeito experimental, en Alicante, extendéndose logo a todas as Bases. Tamén presentamos a nosa queixa sobre o accidente laboral ocorrido no acceso de discapitados na Delegación da Coruña, e as condicións de traballo nas Delegación de Ferrol e Vigo. Fixemos chegar a inquietude de determinadas Admóns da AEAT de Galicia sobre o horario previsto para a Campaña de Renda, a este respecto entregóusenos documentación sobre as condicións mínimas esixibles aos locais destinados a Plataformas de IRPF, que temos á vosa disposición no local da CIG da Delegación da Coruña. **30/04/08**

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44
Fax: 981 12 72 22 - cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM